


vive lugo!



Plan Xeral de
ORDENACIÓN
MUNICIPAL LUGO

O Plan Xeral pretende deseñar un modelo territorial e urbano que, **respectando os valores medioambientais do territorio**, sexa capaz de satisfacer as **necesidades e expectativas** dos seus habitantes, dende o respecto aos valores e aos modelos de asentamento tradicionais.



O Plan recolle catro **liñas de actuación estratéxicas**:

- 1.- mellora das **infraestruturas**
- 2.- modelos que prioricen a **calidade dos espazos públicos e o reparto equilibrado de dotacións, zonas verdes, equipamentos e vivendas de protección en todas as zonas da cidade**
- 3.- **desenvolvemento do tecido produtivo**
- 4.- mellora da **proxección exterior** do municipio, **potenciando os seus valores históricos, culturais e naturais.**



Mellora das infraestruturas

- potencia a función de Lugo como cruce de camiños do noroeste
- completa e conecta as rondas da cidade con autovía de gran capacidade
- nova ponte
- novos viais, accesos e conexións



Potenciación da cidade

- rexenera os barrios consolidados
- completa o tecido urbano existente, reequipando a cidade
- integra as estruturas rurais preexistentes
- completa espazos libres e zonas verdes no tecido urbano
- integra o río na cidade
- distribúe os equipamentos
- xera unha importante oferta de solo para vivenda protexida
- fomenta a rehabilitación



Tecido produtivo

- reforza os enclaves existentes, recualificándoos e incorporando dotacións
- dá accesibilidade inmediata a redes principais de transportes, á cidade e a outros municipios
- conexión ao transporte ferroviario
- novo tecido industrial
- racionalización do mercado, co incremento da oferta de solo industrial



Potenciación dos valores do contorno rural do municipio

- diríxese á implantación de novas construcións vinculándoas aos núcleos existentes, que se reforzan e potencian
- mantemento tipolóxico dos valores arquitectónicos tradicionais
- crea unha estrutura interna nos núcleos, potenciando os espazos dotacionais, os servizos e a accesibilidade
- promove as relacións funcionais entre os núcleos máis próximos e coa propia cidade



Solo industrial e actividades económicas

Aposta por reforzar as **estruturas industriais existentes**, xunto cos **novos espazos industriais**, que dan resposta ás demandas directas do municipio, potenciando a súa **posición de referencia**



Remate norte da cidade e contorno do Ceao

- **Asúmense:**
 - polígono de O Ceao e a súa ampliación (Pol. IN-F)
 - o urbanizable delimitado IN-G 2
 - polígono industrial das Gándaras

- O Plan consolida os enclaves da Avenida da Coruña
- Prevé un uso industrial, delimitando seis sectores de solo a través de Duquesa de Lugo e Avenida da Coruña

Enclaves dispersos

- Son ubicacións no territorio que aglutinan certo número de industrias e almacéns e que se remiten a planeamento de desenvolvemento
- Supoñen en total **1.156.726** m. xerando **22.206** m. de **equipamentos** e **111.091** m. de **espazos libres**.

Muxa

Pena

Mazoi

Louzaneta

Areeiras

Alto

Coeses-Cuíña

Universidade

A aposta do Plan (e da cidade) pola Universidade é clara:

- reforzando as dotacións do Campus
- prevendo o seu crecemento prolongándose hacia os terreos vacantes que rodean o núcleo rural de San Fiz, cunha superficie de 58.322 m.



O Plan en cifras

- **SOLO RESIDENCIAL:** 11.636.352 m²
 - **SOLO INDUSTRIAL/ ACTIVIDADES:** 6.875.775 m²
 - **EQUIPAMENTOS:** 15,61 m² / m² residenciais
 - **SISTEMAS XERAIS DE ESPAZOS LIBRES:** 18,89 m² /m² residenciais
 - **VIVENDAS DE PROTECCIÓN:**40,14%

